

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LATÍN

CURSO 2010-11

XEFE DE DEPARTAMENTO: MANUEL RODRÍGUEZ SANTOS

I.E.S. Nº 4 O COUTO (OURENSE)

CULTURA CLÁSICA. CURSO 4º ESO.

1.- PRESENTACIÓN:

A materia Cultura Clásica supón o primeiro achegamento sistemático, e quizais o único, ao mundo grecorromano, do que poida dispor o alumnado ao longo do seu proceso formativo. Integrada no currículo da Educación secundaria obrigatoria, compaxina o coñecemento e comprensión do mundo clásico cunha toma de conciencia da súa presenza no mundo actual. O estudo do mundo grecolatino nas áreas da cultura, a literatura, as artes e as ciencias, e o recoñecemento da súa transmisión e continuidade, será de gran importancia para tomar e ter conciencia da súa identidade. Esta materia ten un obxectivo básico: coñecer os aspectos máis relevantes das sociedades e as culturas de Grecia e Roma e descubrir dende o mundo de hoxe o fío que nos guía ata elas. A cultura grecolatina, patrimonio común e irrenunciable, é a base necesaria dunha parte moi considerable do pensamento humano occidental, e as formas creadas polo xenio de gregos e romanos constitúen o soporte e a esencia da nosa civilización.

Mediante a comparación constante entre o seu entorno e a diversidade dos clásicos grecorromanos o alumnado será quen de recoñecer en que medida o seu presente é froito, xa directo, xa interpretado por sucesivas xeracións, dun rico proceso creador que transcorre ao longo de máis de trinta séculos de historia. Pero esta achega, aínda que moi importante, non é exclusiva, polo que deberá valorar tamén aqueles elementos asimilados doutras culturas. Así mesmo, comprobará de que xeito a cultura clásica se converte na enerxía vivificadora de todo renacemento cultural, e en particular de aquel co que se inaugura a época Moderna.

O coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes das sociedades grega e romana, dende a que se transmitiron modos de vida, institucións ou creacións literarias, técnicas e artísticas aportará un instrumento de referencia necesario para entender a configuración e o progreso de Europa, os antecedentes históricos da organización social, e a delimitación dos dereitos das persoas. O estudo básico dos fundamentos das linguas grega e latina, das regras elementais de evolución fonética e da formación das palabras dota ao alumnado dos coñecementos necesarios para comezar a entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico. A cultura que modelou o noso presente e fixa boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico.

O acercamento ás narracións míticas xunto coa lectura, aínda que fragmentaria, de textos da literatura clásica axudará a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen vivas nos

nosos escritos e mesmo nas expresións da lingua cotiá. O seu carácter opcional fai necesario dotar ao ensino desta materia dunha gran flexibilidade para adecuala á realidade de cada centro e do seu alumnado. As directrices deste currículo han de tomarse como orientacións abertas cara ao logro dos obxectivos sinalados para a etapa.

Os contidos distribúense en tres bloques: Bloque 1, Grecia e Roma como civilizacións históricas singulares. Bloque 2, as pegadas do mundo clásico. Bloque 3, nocións básicas de lingua e literatura gregas e latinas.

Co primeiro bloque de contidos preténdese que o alumnado comprenda espacial e temporalmente os fenómenos máis relevantes da civilización grecorromana e que sexa capaz de recoñecer aspectos diversos polo que respecta á historia, á filosofía, ás ciencias, á mitoloxía, ao urbanismo, á arte e á vida cotiá, identificando trazos comúns e aqueles outros que son diversos. Haberá que recorrer ás competencias adquiridas noutras materias, especialmente ciencias sociais, para así asentar e profundar nos coñecementos adquiridos.

O segundo bloque daralle ao alumnado ferramentas para recoñecer e valorar criticamente o aporte da civilización clásica á cultura que lle é propia, respectando a diversidade das identidades culturais.

Implica o desenvolvemento da sensibilidade estética e a capacidade da reflexión crítica para valorar a continuidade da cultura clásica en contextos diversos, tomando conciencia da pertenza a unha cultura que comparte raíces con outras. Certos elementos da cultura clásica están na base de algunhas das formas vixentes do pensamento e da organización política, e este feito permite establecer unha ligazón entre os contidos da materia e as de Educación para a Cidadanía.

O terceiro bloque tenta iniciar ás alumnas e aos alumnos na dimensión lingüística da civilización grecorromana baseada especialmente nos elementos do alfabeto e o léxico, incorporando tamén contidos de literatura. Son evidentes as relacións que se poden establecer coas literaturas galega e castelá e, aínda que en menor medida, polo nivel do seu estudio, coas linguas estranxeiras.

2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

As aportacións desta materia á competencia en comunicación lingüística son importantes. A través da lectura comprensiva de textos variados busca o tratamento da información obtida así como a síntese para a expresión oral e escrita, contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística.

A lectura comprensiva dunha realidade certamente afastada do entorno do alumno, a comprensión duns conceptos totalmente novos e a necesidade ineludible de aprender a expresalos dunha forma ordenada ten un valor moi estimable. Pero se por algo destaca esta materia no eido da lingua é por ser un instrumento inmejorable para a adquisición dun vocabulario pasivo e activo baseado nos termos que se expliquen ao longo do curso, incluídos os seus

compoñentes e as regras de combinación. A introdución breve ao estudo diacrónico das linguas, incluído entre os obxectivos, contribuirá a unha percepción máis matizada do que é un sistema lingüístico. A percepción do entorno propio como o único posible limita a capacidade do alumnado de facerse preguntas que poidan levarlos a unha relación co entorno máis produtiva e gratificante. O contacto con culturas dotadas doutras inquiredanzas, doutros valores e doutras relixións fará que relativicen as súas propias certezas e sexan quen de analizalas criticamente. Máxime nestas que, en tantos aspectos xeográficos, económicos, artísticos e organizativos, seguen a estar presentes no mundo actual, servindo de nexo entre a meirande parte dos países do mundo que nos rodea. O coñecemento de cómo se serviron do contorno, de cómo aproveitaron os recursos naturais, de cómo os transformaron, posibilitarán unha meirande facilidade para o coñecemento e a interacción co mundo físico. A competencia na expresión cultural e artística foméntase mediante o coñecemento dos fundamentos da literatura clásica, da arquitectura, da escultura, da arte en xeral que debe dar un leve sustento teórico ao que é o comezo do aprecio e do goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia. O coñecemento dos restos arqueolóxicos do entorno debe axudar a aprender a valorar as obras do pasado e a apreciar os esforzos pola súa conservación. Cóntase así con referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e a mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico. Contribúe a adquisición da competencia social e cidadá o coñecemento das institucións e o modo de vida dos gregos e romanos como referente histórico de organización social, participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividades, no ámbito e o entorno dunha Europa diversa unida en moitos aspectos pola cultura grecolatina. Paralelamente, o coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Implícase así ao alumnado nunha actitude de valoración positiva da participación cidadá, a negociación e a aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. Doutra parte, se o traballo é cooperativo, impúlsase o respecto pola diferenza de criterios e pola liberdade de expresión. As actividades relativas á recollida, selección e análise da información, a aplicación de técnicas de síntese, a identificación de palabras clave e a distinción entre ideas principais e secundarias aportan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia, tan relacionada con destrezas para a continua formación persoal. O uso crítico da rede como fonte de información, o emprego de aplicacións informáticas para a elaboración de documentos de aula, servirán para completar o aporte da cultura clásica á adquisición da competencia no tratamento da información e competencia dixital. O estudo dos elementos básicos das linguas grega e latina, na medida en que propicia a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, inciden no logro da competencia de aprender a aprender.

Contribúe ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal na medida na que se utilizan procedementos que esixen planificar, seleccionar, avaliar distintas posibilidades e toma decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corraxilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, aporta posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

3.- OBXECTIVOS

-Localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos máis relevantes das culturas grega e latina .

_ Recoñecer e identificar aspectos diversos da cultura grecolatina relativos á lingua, á literatura, á filosofía, á ciencia, á técnica, ao dereito, á administración do estado, ao urbanismo, á arquitectura, ás artes plásticas, valorando a súa unidade e, ao mesmo tempo, a diversidade.

_ Valorar a mitoloxía clásica, especialmente a grega, como elemento unificador da cultura grecolatina e inspirador da cultura ao longo da historia europea. - - Identificar en formas de relixiosidade actuais elementos que estean presentes nos mitos ou ritos propios da relixión grecorromana.

_ Valorar a conciencia de pertenza a un entorno social e cultural, identificando elementos de continuidade da cultura clásica na propia, respectando a diversidade de identidades culturais.

_ Identificar as raíces clásicas de valores actuais nos ámbitos da educación, o pensamento, o dereito, a política, valorando os elementos a preservar e os elementos a revisar.

_ Recoñecer e valorar as pegadas da cultura clásica en contextos artísticos, lingüísticos e científico-técnicos, entre outros, tanto na cultura occidental como noutras culturas pasadas e presentes

_ Coñecer os xéneros literarios grecolatinos máis importantes.

_ Identificar, agrupar e comprender os rastros das linguas clásicas nos diferentes eidos da lingua actual.

4. CONTIDOS:

4.1- CONTIDOS, SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN

1. O panteón dos deuses:

A Teogonía. O panteón olímpico. Os gregos na Península. A orixe dos alfabetos.

2. Deucalión e Pirra:

Deucalión e Pirra. O castigo de Prometeo. Grecia: organización política, social e económica. Atenas, polis grega. A épica grega: epopeias homéricas. Hesíodo.

3. Roma:

Roma: mito e historia. Eneas, Rómulo e Remo. Divinidades romanas. Roma: Xeografía e Historia. Hispania durante a República. A épica latina: Virxilio e a

Eneida. Do latín ás linguas románicas; cultismos, semicultismos e palabras patrimoniaes. Topónimos.

4. O rapto das Sabinas:

Mito de Roma. Os reis lexendarios. Roma: sociedade e Política. Hispania no Imperio. Cidadanía. Exército. Lectura de textos históricos.

5. O destino e os oráculos:

O destino. A figura de Edipo. A relixión: organización, crenzas e supersticións. Teatro: traxedia e comedia. A traxedia grega: temas e representantes.

6. Píramo e Tisbe:

O amor. Zeus e Apolo. As Musas. A familia: A muller; o recoñecemento dos fillos; a educación. O teatro en Roma: Séneca e a traxedia latina.

7. O rapto de Prosérpina:

As estacións do ano, a natureza. Antigua mitoloxía da Península.

O cómputo do tempo; días festivos; o ocio. Os Xogos Olímpicos. A comedia en Grecia. A comedia en Roma.

8. As fábulas:

As fábulas clásicas. Helios, Selene e Eos. O mundo do traballo: agricultura, industria, comercio. A moeda. A narrativa: As novelas gregas e romanas.

9. Heracles:

Os heroes. Heracles ou Hércules na Península. A cidade romana; edificios públicos. As casas romanas: "domus", "ínsula". A lírica: subxéneros: égloga, elexía, himno.

10. Aracne, a tecedora:

Mitos de transformacións ou metamorfosis. Grandes obras de inxeniería: acueductos, pontes..., a casa de campo ou vila. As comidas. A lírica: epigramas, oda. Horacio. Tópicos literarios: Ovidio.

11. Lenda do Minotauro:

A lenda do Minotauro e o heroe Teseo. Dédalo. Grandes edificios públicos: circo, anfiteatro, teatro. Vías de comunicación. Legado romano. A prosa: historiografía en Grecia e en Roma.

12. Orfeo e Eurídice

Mitos de amor máis alá da morte. Orfeo e Eurídice. Castigos eternos. A arte clásica: escultura e arquitectura. A oratoria: tipos de discursos. Demóstenes .

TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación: do tema 1º ao tema 4º.

2ª Avaliación: do tema 5º ao tema 8º.

3ª Avaliación: do tema 9º ao tema 12º.

4.2- CONTIDOS MÍNIMOS

- Marco xeográfico e político de Grecia e Roma
- Principais divinidades do panteón olímpico
- Rasgos esenciais das institucións xurídicas e políticas de Grecia e Roma e a suá influencia no mundo actual
- Características da polis grega e a súa influencia nas democracias actuais

- Concepto de mito. Principais mitos grecolatinos
- Provincias de Hispania
- Os sistemas educativos en Grecia e Roma
- A épica grega e latina e a súa influencia ao longo da historia
- O teatro grecolatino e a súa influencia ao longo da historia
- A narrativa grecolatina e a súa influencia ao longo da historia
- A lírica grecolatina e a súa influencia ao longo da historia
- A oratoria en Grecia e en Roma e a súa influencia ao longo da historia
- A arte grega e romana e a súa pervivencia.
- Cultismo, semicultismo e palabra patrimonial.
- Termos e expresións procedentes das linguas clásicas.

5.- AVALIACIÓN:

5.1-CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPET. BÁSICAS

_ Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais.

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para extraer a información relevante sobre aspectos históricos e/ou culturais, previamente traballados, en textos variados.

_ Localizar no tempo e no espazo as etapas básicas das culturas grega e romana e os seus feitos máis relevantes, os elementos de cambio e continuidade e as relacións con outras culturas coetáneas.

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade de identificar en textos e situar no espazo e no tempo, feitos relevantes da historia das culturas clásicas, previamente traballados.

_ Identificar as formas básicas de organización social e política de Grecia e Roma e a súa continuidade no mundo de hoxe.

Preténdese comprobar se o alumnado é quen de comprender a organización sociopolítica de Grecia e Roma, así como establecer comparacións coa existente na actualidade.

_ Localizar no espazo xeográfico as civilizacións grega e romana, así como recoñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e artístico na Gallaecia e Hispania. Preténdese comprobar a capacidade para localizar en mapas o espazo das civilizacións antigas, así como recoñecer e situar os restos máis relevantes na Galicia e España actual.

_ Distinguir nas diversas manifestacións literarias, artísticas e, incluso, científicas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración. Preténdese comprobar se as alumnas e os alumnos, despois de traballar na clase os mitos máis salientables, son quen de identificalos en manifestacións literarias e doutro tipo, adecuadas á súa idade.

_ Identificar elementos do legado lingüístico común das linguas románicas actuais. Recoñecer o vocabulario grecolatino nas linguas modernas.

Búscase comprobar se o alumnado, acudindo ás aprendizaxes xa adquiridas nas outras linguas, é quen de recoñecer elementos comúns a todas elas no vocabulario.

_ Recoñecer os trazos esenciais de cada xénero literario. Preténdese comprobar se o alumnado coñece os elementos básicos dos xéneros literarios clásicos, acudindo ás aprendizaxes xa adquiridas nas outras linguas.

_ Identificar aspectos significativos do aporte da cultura clásica á civilización occidental no campo do pensamento, a ciencia e a técnica.

Preténdese comprobar se o alumnado é capaz de relacionar as aportacións do mundo clásico nos eidos do pensamento, ciencia e técnica, ao mundo actual.

_ Valorar criticamente a herdanza dos clásicos e as posibilidades de influencia no mundo actual, establecendo relacións entre algúns dos valores, disposicións e costumes. Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado, coa axuda do profesorado, é quen de analizar a permanencia do legado clásico na actualidade, así como a evolución co paso do tempo.

_ Manexar recursos que permitan elaborar, coa axuda do profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

Preténdese comprobar a capacidade do alumnado para elaborar un pequeno traballo sobre algún dos aspectos do legado do mundo clásico e a capacidade de exposición posterior na aula. Valorarase o grao de planificación, selección da información, acudindo a fontes variadas así como a presentación clara, ordeada e utilización dos medios informáticos.

5.2- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (ordinaria e extraod.)

- É unha avaliación continua e nela valorarase actitude, traballo, atención, estudo e coñecementos.

- As probas de coñecementos serán escritas e consistirán en 10 preguntas correspondentes aos temas vistos cunha puntuación de 1 punto para cada unha delas.

- Como norma o alumno realizará unha proba de coñecementos por avaliación, e unha final na que se avaliará dos contidos mínimos.

- Os traballos presentados polos alumnos á proposta do profesor serán cualificados entre 0 e 10 puntos.

- Na nota final as probas de coñecementos suporán o 60% e os traballos presentados a proposta do profesor o 40% restante. O alumno deberá de obter para aprobar unha calificación mínima de 5 puntos.

- Na convocatoria extraordinaria tan so haberá unha proba de coñecementos formada por 10 preguntas, sendo o valor de cada unha de elas de 1 punto. O alumno deberá de obter para aprobar unha calificación mínima de 5 puntos.

5.3- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

- Coincide co exposto no apartado anterior

5.4– MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- Saber as ideas básicas de cada un dos apartados dos contidos mínimos.
- Presentar os traballos requeridos polo profesor acadando en cada un deles unha nota mínima de 5 puntos.

5.5- PROGRAMA REFORZO PARA RECUP. DE PENDENTES DE C. ANTERIORES

- Por ser o primeiro curso no que se oferta esta materia no Centro, non pode contemplarse a posibilidade de que poida haber alumnos coa Cultura Clásica pendente.

No caso de haber alumnos repetidores, elaborárase, se fose preciso, un plan específico para axudalos a acadar os obxectivos do curso.

6.- METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

Metodoloxía:

Partiremos, unhas veces, do mundo grecolatino para chegar ao actual e outras do actual para chegar ao mundo antigo. Para iso empregaremos medios diversos:

- Lectura e comentario de textos de autores grecolatinos traducidos e de autores posteriores referidos ao feito obxecto de comentario.
- Visualización de imaxes representativas do mundo clásico o doutras épocas ou culturas relacionadas.
- Estudo de léxico actual derivado de termos grecolatinos relacionados con cada un dos temas.
- Proxección de películas de tema clásico.
- Formación de grupos para traballar diversos temas.

Materiais curriculares e recursos didácticos:

- Libro de Texto.
- Películas de tema grecorromano.
- Lectura de pasaxes de obras clásicas: Ilíada, Odisea, Eneida, etc.

7.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Repaso das nocións vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das dificultades detectadas.

- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos no castelán e no galego.
- Realización de exercicios apropiados cara a afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Coa finalidade de atender a aqueles alumnos que teñan problemas na asimilación de contidos, preparáranse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas, así como esquemas das mesmas. Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que teñan alcanzado satisfactoriamente os contidos propostos levarán a cabo tarefas

como a realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionados co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados. .

8.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Visualizar películas de temas grego e romano seleccionadas ao longo do curso.
- Visitar restos romanos do contorno.
- Visita a Lugo para ver a muralla e as distintas pegadas de Roma na cidade.
- Visita ao museo e castro de Viladonga ou a San Tomé.
- Presenciar algunha obra de teatro clásico, ben grega ou ben latina.

9.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

- Lectura obrigatoria dos seguintes libros:
Caroline Lawrence -----Ladrones en el foro
Editorial Salamandra
Caroline Lawrence -----Los secretos del Vesubio
Editorial Salamandra

10.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Utilización de internet para consultar calquera asunto relativo ao mundo clásico:

- Usaremos a web chiron e publicaremos nela, se fose pertinente, os nosos traballos
- Utilización do buscador: argos.evansville.edu
- Utilización da páxinas: www.perseus.tufts.edu
- Utilización da páxina: www.culturaclasica.com
- Utilización da pizarra dixital
- Construcción dun blog
- Acceso a través de internet a museos virtuales
- Visionado de películas basadas na civilización grega ou latina tales como:
 - * A Odisea
 - * Troia
 - * Hércules
 - * Quo vadis
 - * Espartaco

11.- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A programación será avaliada na memoria final do curso.

Teranse en conta os resultados académicos e o grao de satisfacción dos propios alumnos

12.- CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O alumnado terá a súa disposición en todo momento a programación do curso na secretaría do centro e no ordenador da propia aula.

Terá dereito a ver os exames e os traballos corrixidos dentro do prazo establecido polo PCC do Centro.

LATÍN. CURSO 4º ESO.

1.- PRESENTACIÓN:

A materia de latín, presente no currículo de cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais, complementarios entre si e unidos polo seu carácter de achegas substanciais do que se coñece como herdanza clásica.

Todas as linguas da Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo.

A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexo e está na orixe do amplo grupo das linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual. O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

A lingua latina é unha das máis importante achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden. Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexu unificador.

Ademais, a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creacións literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e do progreso de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas. A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

De acordo con estes principios, os contidos da materia distribúense en catro bloques. Os tres primeiros, o sistema da lingua latina, a historia e evolución da lingua latina e a formación das palabras, poñen o acento en contidos propiamente lingüísticos e gardan unha relación coherente entre eles, contribuíndo, non só a un coñecemento do latín, senón a un uso máis preciso da propia lingua e ao adecuado entendemento da terminoloxía culta, científica e técnica. O bloque 4, vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico, trata os aspectos máis relevantes da sociedade romana e pon o acento na continuidade do mundo clásico que ofrece o mundo contemporáneo, na análise comparativa dos seus correspondentes antecedentes clásicos e na valoración crítica dos aspectos de continuidade, evolución e cambio.

A distribución dos contidos nestes catro bloques implica un tratamento específico e equilibrado del e obriga a situalos nun contexto xeral en que os diversos elementos atopen unha explicación relacionada e coherente.

A funcionalidade e a utilidade dos coñecementos básicos sobre a lingua latina e a cultura clásica en diversos contextos de aprendizaxe guiará o tratamento dos contidos e a selección de obxectivos. Por esta razón, tentarase que o latín, na medida que sirva para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das capacidades e competencias propostos para esta etapa, asente os fundamentos para o estudo, se é o caso, das humanidades ou as ciencias sociais.

2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O estudo desta materia contribúe dun xeito claro ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística: o coñecemento da estrutura da lingua latina posibilita unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo, ou recibiron unha achega léxica importante da lingua latina. A interpretación dos elementos morfosintácticos e de vocabulario e a práctica da tradución e da retroversión supoñen a adquisición da habilidade para recoller e procesar a información dada e utilizala apropiadamente. O coñecemento dos procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabora eficazmente á ampliación do vocabulario básico e potencia a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. O coñecemento das etimoloxías grecolatinas proporciona a comprensión e incorporación dun vocabulario culto e explica o vocabulario específico de termos científicos e técnicos.

O coñecemento da historia e evolución da lingua latina fomenta o ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como do diálogo entre as culturas; igualmente o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas.

Co coñecemento do patrimonio arqueolóxico e artístico romano no noso país e en Europa esta materia potencia o aprecio e goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o interese pola conservación dese patrimonio. Coa achega de referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico. O coñecemento do mundo clásico e da súa continuidade favorece a interpretación da literatura posterior, en que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura, contribuíndo, pois, ao logro da competencia en expresión cultural e artística.

Desde o coñecemento das institucións e o modo de vida dos romanos que é o referente histórico de organización social, a participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes das persoas e das colectividades, no ámbito e o contorno dunha Europa diversa, unida no pasado pola lingua latina, sitúase a contribución para lograr a competencia social e cidadá.

O coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou

étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Foméntase así no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos.

Coa busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas; coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias; elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos, favorécese a competencia dixital, á cal se contribuirá desde todas as materias do currículo. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

O estudo do latín, propiciando a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorecendo as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercitando a memoria mediante a recuperación de datos e situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, favorece a competencia de aprender a aprender.

Facilita o logro da competencia de autonomía e iniciativa persoal o recurso continuado a procedementos que exixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

3.- OBXECTIVOS

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
3. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.

6. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
9. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
10. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

4.- CONTIDOS

Bloque 1. O sistema da lingua latina.

* Abecedario e a pronunciación clásica e posclásica do latín. A regra da penúltima sílaba. Diferenza entre vocais breves e longas.

* Lectura e interpretación de textos en latín de dificultade progresiva creados nunha variedade de contextos e situacións en que as palabras e as estruturas teñan sentido, de tal xeito que todo se deduza, sen ambigüidade, do contexto en que aparecen.

* O latín como lingua flexiva. Os casos e os seus principais valores sintácticos. Recoñecemento das diferenzas e similitudes básicas entre a estrutura da lingua latina e a das linguas romances utilizadas polo alumno.

* Clases de palabras. A flexión nominal, pronominal e verbal. Recoñecemento das categorías gramaticais da flexión latina e comparación cos elementos flexivos das linguas actuais.

* As estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde flexible de palabras. Nexos coordinantes máis frecuentes.

* Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e continuidade do mundo clásico e instrumento privilexiado para unha comprensión profunda do sistema das linguas romances.

Bloque 2. A historia e evolución da lingua latina.

* A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.

* Latín culto e latín vulgar: lingua de cultura e lingua de comunicación. O proceso de redución morfolóxica e sintáctica no latín vulgar. A formación das linguas romances. Análise dos procesos de evolución das linguas romances.

* A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos. Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes. Relación semántica entre palabras dunha mesma raíz latina e evolución fonética diferente.

* A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del.
Bloque 3. A formación das palabras.

* Componentes grecolatinos nas linguas romances. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua: préstamos, derivación, composición e analoxía como mecanismos de enriquecemento do vocabulario.

* Definición de palabras a partir dos seus étimos.

* O vocabulario da ciencia e da técnica. Os étimos gregos e latinos nas terminoloxías específicas.

* Latinismos e locucións latinas. Recoñecemento das expresións latinas incorporadas á lingua falada e escrita.

* O significado etimolóxico das palabras como guía para a adecuada utilización do vocabulario.

Bloque 4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico.

* O marco xeográfico e histórico da sociedade romana. Gallaecia e o resto da Hispania. As vías romanas de Hispania e as grandes vías modernas: medio de difusión dunha civilización uniforme, de unidade política e económica e de relación humana. Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.

* As institucións e a vida cotiá. Ocio e negocio. Relación entre o relixioso e o festivo. Interpretación dos seus referentes desde a nosa perspectiva sociocultural. Comparación e análise crítica das estruturas sociais e familiares.

* As pegadas materiais da romanización: o foro e a arquitectura do ocio en relación coa concepción do urbanismo posterior, a importancia do arco e a bóveda na arquitectura posterior. Valoración da conxunción da magnificencia e o xenio práctico. Emprego dos medios audiovisuais e das TIC para coñecer o patrimonio artístico e arqueolóxico. Observación directa.

* Os temas e argumentos mitolóxicos na literatura e nas artes plásticas e visuais. Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións culturais de todo tipo e interpretación do seu significado.

* O papel de Roma na historia de Occidente, o patrimonio arqueolóxico, artístico e literario. Coñecemento especial do herdado en Galicia.

* Valoración da importancia da lectura de textos da literatura latina de diversidade temática.

4.1- CONTIDOS, SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN

Primeira avaliación: os dous primeiros puntos do bloque un; os puntos un dos e tres do bloque dous; os puntos un e dous do bloque tres; os dous primeiros puntos do bloque catro.

Segunda avaliación: os puntos tres e catro do bloque un; os puntos catro cinco e seis do bloque dous; os puntos tres e catro do bloque tres; os puntos tres e catro do bloque catro.

Terceira avaliación: os punto cinco e seis do bloque un; os puntos sete, oito e nove do bloque dous; o punto cinco do bloque tres; os puntos catro e cinco do bloque catro.

4.2- CONTIDOS MÍNIMOS

Abecedario e a pronunciación clásica e postclásica do latín.

* Lectura e interpretación de textos en latín de dificultade progresiva dentro dun contexto

* O latín como lingua flexiva. Os casos e os seus principais valores sintácticos.

* A flexión nominal, pronominal e verbal.
Nexos coordinantes máis frecuentes.

* A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.

* Latín culto e latín vulgar:

* A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos. Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes.

* Compoñentes grecolatinos nas linguas romances. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua: préstamos, derivación, composición e analogía como mecanismos de enriquecemento do vocabular Os étimos gregos e latinos nas terminoloxías específicas.

* Latinismos e locucións latinas. Recoñecemento das expresións latinas incorporadas á lingua falada e escrita.

* O marco xeográfico e histórico da sociedade romana. Gallaecia e o resto da Hispania. As vías romanas de Hispania e as grandes vías modernas.

* As institucións e a vida cotiá. Ocio e negocio. Relación entre o relixioso e o festivo. Interpretación dos seus referentes desde a nosa perspectiva sociocultural. Comparación e análise crítica das estruturas sociais e familiares.

*As pegadas materiais da romanización.

*Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións culturais de todo tipo e interpretación do seu significado.

* O papel de Roma na historia de Occidente, o patrimonio arqueolóxico, artístico e literario. Coñecemento especial do herdado en Galicia.

5.- AVALIACIÓN

5.1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPET. BÁSICAS

1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumos, aspectos históricos ou culturais.

Este criterio pretende verificar a capacidade de comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais.

2. Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.

Este criterio trata de comprobar se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se se comprende o seu significado específico e se se advirte o seu valor como fonte de inspiración.

3. Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para utilizar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre palabras dunha mesma orixe.

4. Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.

Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.

5. Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.

Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.

6. Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.

Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analoxías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua.

7. Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.

Este criterio intenta comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.

8. Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

Este criterio quere comprobar se o alumnado é quen de buscar información en fontes e formatos diversos, selecciónala, organizala e, despois da elaboración dun texto, expresala con orde, coherencia e cohesión.e escriba

5.2- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (ordinaria e extraod.)

É unha avaliación continua e nela valorarase actitude, atención, estudo e coñecementos.

As probas de cada avaliación constarán de:

- A) Análise e tradución de frases e textos sinxelos do latín ao galego ou castelán e viceversa sen usar o dicionario.
- B) Exercicios de morfoloxía correspondentes á programación do curso.
- C) Cuestións sobre etimoloxías latinas e expresións latinas de uso actual
- D) Exercicios de evolución fonética do latín ao galego ou castelán.
- D) Cuestións de literatura e cultura latina.

Criterios de avaliación:

Puntuación:

- Os exames serán escritos e constarán de 10 preguntas cualificadas cun valor de 1 punto cada unha delas.
- Faráse un mínimo de 1 exame por avaliación, sendo o habitual 2 e unha proba final na que entrarán os contidos mínimos do curso. O alumno debера acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar a materia.
- A convocatoria extraordinaria consistirá igualmente nunha proba escrita de 10 preguntas valorada con 1 punto cada unha de elas. O alumno debера acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar a materia.

5.3- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

Exposto no punto anterior

5.4– MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- O alumno deberá dominar as ideas básicas de todos e cada un dos puntos expostos no apartado 4.2: contidos mínimos

5.5- PROGRAMA REFORZO PARA RECUP. DE PENDENTES DE C. ANTERIORES

Por ser o primeiro curso no que se oferta esta materia non é posible que haxa alumnos coa materia pendente de cursos anteriores.

No caso de haber alumnos repetidores, elaborárase, se fose preciso, un plan específico para axudalos a acadar os obxectivos do curso.

6.- METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Selección de frases e textos accesibles ao nivel dos alumnos.
 - A correcta interpretación dos textos implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais e a captación e comentario da mensaxe que nel aparece.
 - Recorreráse tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos cando sexa necesario para unha mellor comprensión dos conceptos culturais das distintas unidades.
 - O comentario de texto, sempre que sexa posible, irá acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, vídeos, etc.
 - O estudo dos aspectos lingüísticos e culturais ten que ser simultáneo.
- Materiais curriculares e recursos didácticos:
- Libro de texto: editorial Anaya.
 - CD incluído no libro de texto.

7.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Repaso das nocións vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das dificultades detectadas.

- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos no castelán e no galego.
- Realización de exercicios apropiados para afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Coa finalidade de atender a aqueles alumnos que teñan problemas na asimilación de contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas, así como esquemas das mesmas. Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que teñan alcanzado satisfactoriamente os contidos propostos levarán a cabo tarefas como a realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionados co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

8.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Acudiremos a presenciar polo menos unha obra de teatro clásico.
- Visita dun castro celta.
- Visualizaremos algunha das películas clásicas de tema romano.
- Posibilidade de levar a cabo unha viaxe ás Médulas e outra a Bande para visitar o *Aquis querquennis*

9.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

- Utilización de internet para consultar calquera asunto relativo ao mundo clásico:
- * Utilización da web chiron e colaboración con ela
- * Utilización do buscador: argos.evansville.edu
- * Utilización da páxinas: www.perseus.tufts.edu
- * Utilización da páxina: www.culturaclasica.com
- * Acceso a través de internet a museos virtuales
- Visionado de películas basadas na civilización grega ou latina tales como:
- * A Odisea
- * Troia
- * Hércules
- * Quo vadis
- * Espartaco
- Utilización de programas informáticos tales como:
- * Calamus.

10. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

- Lectura obrigatoria dunha selección de textos de autores clásicos latinos.

11. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A programación será avaliada na memoria final do curso.
Téranse en conta os resultados académicos e o grao de satisfacción dos propios alumnos

12.- CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O alumnado terá a súa disposición en todo momento a programación do curso.
Terá dereito a ver os exames corrixidos dentro do prazo establecido polo PCC do Centro.

LATÍN. CURSO 1º BACHARELATO.

1.- PRESENTACIÓN:

A materia de Latín no Bacharelato proporciona as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín. Constitúe tamén un coñecemento imprescindible para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.

Os contidos propostos para Latín I e II en que se desenvolve a materia céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en catro bloques:

Estudo progresivo das características da lingua latina:

A aprendizaxe da lingua latina e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados. Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

Comprensión e interpretación de textos latinos:

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais.

A práctica da tradución de textos latinos ha de contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas linguas.

Estudo do léxico latino e a súa pervivencia en galego, castelán e outras linguas modernas:

A adquisición dun vocabulario latino, baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras. Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa asimilación.

A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór o alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana:

A creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura romanas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua latina, procura de textos, imaxes e vídeos en internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc.

A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización romana. No segundo curso avanza na lectura comprensiva e tradución de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado romano.

2.- OBXECTIVOS

2.1- OBXECTIVOS DE ETAPA

A presenza do latín no Bacharelato cobra sentido na súa contribución á formación dos alumnos no coñecemento das bases lingüísticas, históricas e culturais da civilización occidental. Xunto ao grego, cuia cultura Roma asimilou e transmitiu a toda Europa, o latín constitúe un apoio insustituíble para o aprendizaxe das linguas faladas en España.

No Bacharelato, a materia desenvólvese en dous cursos: Latín I e Latín II. No primeiro faise un acercamento elemental á gramática, ao vocabulario, aos textos e á cultura romana, mentres que no segundo curso serve de ampliación y profundización con especial insistencia no léxico, na literatura e na tradución.

Os obxectivos marcados para Latín no Bacharelato son:

1. Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo. Trátase, esencialmente, de que os alumnos asimilen de forma xeral a lingua latina e a súa cultura, de tal forma que elo lles permita valorar as aportacións de Roma ás linguas e culturas contemporáneas, e mellorar a súa formación en dúas vías: un mellor uso da suas propias linguas e unha máis axustada interpretación das claves e valores do mundo contemporáneo.

2.2- OBXECTIVOS

*(Ver nota ao final)

1. Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.

4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.

5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.

6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.

7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

*NOTA:

- Como se pode ver os obxectivos son os mesmos que os de etapa, se ben como é de sopoñer no primeiro curso o grao de obtención será menor que no segundo

3.- CONTIDOS

BLOQUE I. MARE NOSTRUM

Unidade 1

Legado

- O marco Xeográfico.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación do léxico latino en Linguas modernas.
- Composición, derivación e campos semánticos do léxico latino.
- Nomes propios.

Lingua

- A 1.^a e a 2.^a declinación. Adxectivos da 1.^a y la 2.^a.
- Presente de indicativo verbo sum.
- Concordancia adxectivo-sustantivo e suxeito-verbo
- Funcións do nominativo e do xenitivo.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Unidade 2

Legado

- A Monarquía. Roma: entre a lenda e a historia.

Léxico

- Vocabulario de textos y contidos lingüísticos. Derivación do léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación e campos semánticos ol léxico latino.
- Nomes propios.

Lingua

- A flexión verbal. O enunciado de verbos. Presente de indicativo activo. Funcións dos casos. Preposicións I. Clases de oracións: a coordinación. os numerals.

Textos

- Textos latinos baseados no Breviario de Eutropio, relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Unidade 3

Legado

- A República romana.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación do léxico latino en linguas modernas. Preposicións II.
- Composición e derivación.

Lingua

- A terceira declinación: Temas en consoante.
- Imperfecto de indicativo activo.
- Nomes de persoa.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados no Breviario de Eutropio, relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Unidade 4

Legado

- A época dorada do imperio romano.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación e campos semánticos do léxico latino.

Lingua

- Terceira declinación: Temas en -i. Adxectivos da 3.^a declinación.
- Futuro de indicativo activo.
- O calendario I.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados no Breviario de Eutropio, relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Unidade 5

Legado

- A decadencia do imperio romano.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación e campos semánticos do léxico latino.

Lingua

- Cuarta e quinta declinación.
- Formación da voz pasiva do sistema de presente.
- A oración pasiva.
- O calendario II.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados no Breviario de Eutropio, relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Texto Bloque

Texto latino de peche de bloque no que se reflexe o traballado neste como documento integrado: análise e comentario mediante preguntas relativas aos catro apartados; legado, léxico, lingua e traducción, que aparecen totalmente interrelacionados.

BLOQUE II. URBS ROMA

Unidad 6

Legado

- A ciudad e a casa romana.

Léxico

- Vocabulario de textos y contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación e campos semánticos do léxico latino.

Lingua

- O sistema pronominal
- Pronomes-adxectivos demostrativos.
- O sistema de perfecto: modo indicativo da voz activa.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados en Eutropio, Séneca, Suetonio e Vitrubio.
- Expresión latina.

Unidade 7

Legado

- Familia, educación e ocio.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación.

Lingua

- Pronomes pessoais.
- Pronomes-adxectivos posesivos.
- Pronomes-adxectivos anafóricos.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos basados en Cicerón, Plinio, S. Isidoro e Suetonio, relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Unidade 8

Legado

- A organización política e social.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.

- Composición, derivación e campos semánticos de léxico latino.

Lingua

- Pronome relativo qui- quae-quod.
- Grados do adxectivo: o superlativo.
- Sintaxe do superlativo.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados en Catón, Cicerón, Nepote e Eutropio, relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Unidade 9

Legado

- A organización militar.

Léxico

- Vocabulario de textos contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación.

Lingua

- O participio. Formación e sintaxe do participio.
- O sistema de perfecto: voz pasiva.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados en Eutropio, "Breviario", relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Unidade 10

Legado

- A relixión romana.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación.

Lingua

- O infinitivo.
- Formación, usos e funcións do infinitivo latino.
- Oracións subordinadas completivas de infinitivo.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados en Suetonio, Feitos do divino Augusto, Tácito e Hixino, relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Texto

Texto latino de peche de bloque no que se recolle o traballado neste como documento integrado: análise e comentario mediante preguntas relativas aos catro apartados; legado, léxico, lingua e traducción, que aparecen totalmente interrelacionados.

BLOQUE III. ROMANAM CONDERE GENTEM

Unidade 11

Legado

- O dereito romano.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación.

Lingua

- O modo subxuntivo. Formación do subxuntivo. Valores do subxuntivo.
- Os numerales un, dous, tres.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados en Gayo e Xustiniano, relativos a contidos culturais.
- Expresión latina.

Unidade 12

Legado

- A conquista de Hispania e sua romanización.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación do léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación.

Lingua

- Graos do adxectivo: o comparativo. Comparativos e superlativos irregulares.

- A conxunción subordinante cum.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos basados en Valerio Máximo, Floro e Eutropio.
- Expresión latina.

Unidade 13

Legado

- A Hispania romana: economía, arte e cultura.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación e campos semánticos de léxico latino.

Lingua

- Valores de ut e ne.
- Compuestos de sum. o verbo possum.
- Xentilicios.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados en Eutropio.
- Expresión latina.

Unidade 14

Legado

- Roma e Europa.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición, derivación e campos semánticos de léxico latino.

Lingua

- Os verbos deponentes.
- Verbos eo e fero.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos basados en César.
- Expresión latina.

Unidade 15

Legado

- O latín e a tradición clásica.

Léxico

- Vocabulario de textos e contidos lingüísticos. Derivación de léxico latino en linguas modernas.
- Composición e derivación de léxico latino.

Lingua

- Sintaxe oracional.

Textos

- Textos sobre contidos culturais.
- Textos latinos baseados en Crónica de D. Pelayo, A. de Morales, E. A. de Nebrixa, Gaudium et spes, X.L. Vives.
- Expresión latina.

Texto Bloque

Texto latino de peche de bloque no que se recolle o traballado neste como documento integrado: análise e comentario mediante preguntas relativas aos catro apartados; legado, léxico, lingua e traducción, que aparecen totalmente interrelacionados entre sí.

3.1- CONTIDOS, SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: temas do un ao cinco

2ª avaliación: temas do seis ao dez

3ª avaliación: temas do once ao quince

3.2- CONTIDOS MÍNIMOS

- Coñecer as declinacións de substantivos, adxectivos e pronomes identificando as súas características morfolóxicas.
- Saber conxugar verbos regulares e irregulares identificando as súas características morfolóxicas.
- Analizar e traducir correctamente textos sinxelos.
- Coñecer un vocabulario básico.
- Explicar a evolución do latín ao castelan e ao galego.
- Recoñecer cultismos e palabras patrimoniais.
- Manexar latinismos habituais.
- Coñecer os aspectos máis salientables da civilización e da cultura de Roma.

4.- AVALIACIÓN

4.1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COS OBXECTIVOS

Criterios de avaliación.

1. Comprender e ser capaz de traducir textos latinos breves e sinxelos orixinais, adaptados ou elaborados, coa maior fidelidade posible.

Con este criterio preténdese comprobar, a través de exercicios de comprensión e posterior tradución literal dun texto, a competencia lingüística en latín e a capacidade de recoñecer as diversas estruturas dunha lingua flexiva. Os textos serán breves, orixinais ou elaborados e de dificultade mínima. Poderán contribuír á valoración da consecución de obxectivos os exercicios doados de tradución inversa ou de elaboración en latín de pequenas mensaxes orais e escritas.

2. Recoñecer en textos latinos sinxelos os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán.

Este criterio pretende comprobar se o alumnado adquiriu as nocións de morfoloxía e de sintaxe que lle permitan recoñecer as características dunha lingua flexiva e identificar formas, funcións e elementos fundamentais, todo iso sempre co obxectivo primordial de comprender e traducir o texto latino. O alumnado relacionará eses elementos básicos cos das linguas galega e castelá ou outras coñecidas por el.

3. Ler e comentar textos traducidos de diversos xéneros ou referentes ao mundo romano e distinguir aspectos históricos e culturais contidos neles.

Con este criterio preténdese determinar a capacidade de comprender o contido esencial dun texto, delimitar as súas partes e establecer a relación entre elas. O estudante poderá manifestar a súa competencia mediante exercicios de lectura comprensiva de textos con sentido completo, contrastando os textos latinos con textos de literatura actual e valorando a súa vixencia na actualidade.

4. Recoñecer no léxico do galego, do castelán e doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analizar a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, así como deducir regras básicas de derivación e composición.

Este criterio trata de constatar se o alumnado ten conciencia de que as linguas faladas na Península evolucionaron dende o latín, agás o eúscaro, que recibiu del importantes achegas léxicas. Deberanse relacionar palabras do galego e do castelán ou doutras linguas romances cos seus correspondentes étimos latinos e identificar os cambios fonéticos, morfolóxicos e semánticos producidos no curso da súa evolución.

5. Identificar os aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

Con este criterio comprobarase o coñecemento do pasado romano, especialmente centrado na Península Ibérica, e a constatación da súa vixencia no mundo actual. Posibles exercicios son o traballo sobre fontes escritas e iconográficas, sobre pezas conservadas nos fondos museísticos e xacementos arqueolóxicos, ou a procura nos medios de comunicación de referencias ao mundo romano.

6. Planificar e realizar, seguindo as pautas do profesorado, algún traballo de investigación sobre a presenza do mundo romano no contorno, consultando as fontes directas (restos arqueolóxicos, epigrafía, textos antigos) e utilizando as TIC como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Este criterio pretende verificar que o alumnado distingue no seu contorno os elementos do mundo clásico, recoñecéndoo como herdanza do noso propio pasado, e que os interpreta correctamente mediante a utilización selectiva de fontes diversas. Tamén trata de avaliar a capacidade de indagar nas fontes directas e tomar contacto cos materiais ordenando os datos obtidos e elaborando o traballo mediante o uso das TIC como ferramentas fundamentais. Neste sentido recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

7. Comentar narracións didácticas, novelas históricas, bandas deseñadas ou películas documentais e de ficción relativas ao mundo romano.

Este criterio pretende que o alumnado practique o hábito da lectura comprensiva e a visión crítica de películas documentais e de ficción relacionadas co mundo romano.

5. Actividades de Avallación:

Además da observación directa do traballo dos alumnos en clase, ao final de cada unidade temática realizaranse probas orais ou escritas cón fin de verificar a consecución dos obxectivos propostos. Estas probas, como é lóxico, deberán ter en conta os obxectivos e os contidos comentados ao comezo de cada tema aos alumnos.

4.2- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (ordinaria e extraod.)

Procedementos:

Observación: Atención ao proceso de aprendizaxe dos alumnos, dirixida a seleccionar información de acordo con indicadores previamente fixados.

Interrogación: Preguntar directamente aquilo que se desexa saber mediante entrevista o cuestionario.

Análise de tarefas: e unha fonte de información proveitosa e útil que conleva unha enorme motivación.

Probas: nas súas diversas modalidades –escritas, orais, individuais, colectivas–.

Nos exames escritos informarase ao alumno previamente do valor de cada pregunta.

Instrumentos

De observación:

- Escalas de avaliación (graduación).
- Rexistros individuais (traballo diario, participación, etc.).
- Rexistros do grupo (traballos en grupo, intervencións, etc.).

De interrogación:

- Cuestionarios (autoavaliación).
- Entrevista.

Probas (obxectivas, de resposta libre): orais, escritas, individuais e colectivas.

(Nas probas escritas darase por escrito ao alumno o valor numérico de cada pregunta).

- Na proba extraordinaria de setembro que será escrita so se valorarán as respostas dos alumnos, sendo necesaria a obtención mínima de 5 puntos para aprobar a materia.

4.3- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

- Haberá como mínimo 1 exame escrito por avaliación, sendo 2 o habitual. Normalmente cada pregunta será valorada con 1 punto, se ben esta baremación pode cambiar en virtude do modelo de exame. A puntuación mínima para aprobar é de 5 puntos en cada unha das probas realizadas.

- Na proba final entrará toda a materia exposta nos contidos mínimos. O alumno deberá acadar un mínimo de 5 puntos para aprobar a materia

- A exposición dos temas de cultura corre a cargo dos propios alumnos, sendo esta valorada a final de curso cun máximo de 1 punto.

- Do mesmo xeito na proba correspondente á convocatoria extraordinaria entrará toda a materia exposta nos contidos mínimos e o alumno deberá acadar un mínimo de 5 puntos para aprobar a materia

4.4– MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

O alumno dominará todos e cada un dos puntos expostos no apartado 3.2: contidos mínimos.

4.5- PROGRAMA DE REFORZO PARA RECUPERACIÓN DE PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

- Non se precisa un programa de reforzo para recuperación de pendentes de cursos anteriores, xa que incluso no caso de que os houbera, a materia de 1º de bacharelato iníciase dende cero posto que é habitual ter alumnos que previamente non estudaron Latín en 4º de ESO. No caso de que houbera alumnos repetidores, deseñárase, se fose preciso, un plan específico para estes coa finalidade de axudalos a superar o curso.

5.- METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Selección de textos accesibles ao nivel dos alumnos. A práctica da tradución será, graduada –e dicir, acorde aos coñecementos do alumno–, suxestiva –por seu contido en relación con tema tratado na unidade–, continuada –para que resulte eficaz– e controlada –baixo a dirección e a orientación do profesor.
- A correcta interpretación dun fragmento implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais que nel aparecen e a captación e o comentario da mensaxe que transmite.
- Lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos, sempre que o profesor o xuzgue pertinente.
- O comentario de texto irá, sempre que e se considere adecuado, acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, diapositivas, vídeos, etc.
- O estudo dos aspectos lingüísticos culturais debe ser coherente.
- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura romanas e coñecer a súa pervivencia no mundo occidental.

2. Como actividades de desenvolvemento inclúense:

- Lectura e comentario de textos traducidos.
- Lectura comprensiva dos temas de cultura.
- Resolución do apartado do texto: «Recuerda, investiga, debate».
- Elaboración de esquemas dos temas de cultura.
- Resolución de exercicios de léxico.
- Resolución de exercicios sobre aspectos morfosintácticos e tradución de oracións aplicándoos.
- Tradución dun texto orixinal proposto, seguindo estes pasos:
 - a. Lectura previa en voz alta, correxida polo profesor.

- b. Análise do vocabulario.
- c. Relacións gramaticais:
 - Aislar as oraciones,
 - Recoñecer as formas gramaticais,
 - Establecer as relacións sintácticas.
- d. Tradución.
 - Selección, comentario e aprendizaxe do vocabulario, que se repasará e aplicará aos textos durante tódolos temas.

Materiais curriculares e recursos didácticos:

- Libro de texto: Anaya
- CD incluído no texto para o alumno
- Diccionario de Latín.

6.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Repaso das nocións vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que elo sexa posible, mediante as semellanzas coa lingua propia do alumno ou a súa pervivencia nela.
- Realización de exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- preparación de breves exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos léxicos. Para os temas culturais, pediránselle lecturas breves coa confección de esquemas alusivos, sempre coa axuda do profesor.
- Variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade que permitan a adaptación, ás diversas capacidades, intereses e motivacións dos alumnos.

7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Visitas a restos romanos.
- Viaxe a Lugo para ver a muralla e as distintas pegadas de Roma na cidade.
- Visita, a ser posible, ás Medulas e ao campamento romano *Aquis querquennis*
- Asistencia a algunha obra de teatro latino.
- Visualización de algunha película seleccionada durante o curso.

8.- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

- A programación será avaliada na memoria final do curso.
- Teranse en conta os resultados académicos e o grao de satisfacción dos propios alumnos

9.- CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

- O alumnado terá a súa disposición en todo momento a programación do curso na secretaria e no disco duro do ordenador da propia aula.
- Terá dereito a ver os exames corrixidos dentro do prazo establecido polo PCC do Centro.

LATÍN. CURSO 2º BACHARELATO.

1.- PRESENTACIÓN:

A materia de Latín no bacharelato proporciona as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental; permite unha reflexión profunda sobre as linguas galega e castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín. Constitúe tamén un coñecemento imprescindible para todas as persoas que optaron por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais.

Os contidos propostos para Latín I e II en que se desenvolve a materia céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en catro bloques:

Estudo progresivo das características da lingua latina.

A aprendizaxe da lingua latina e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados. Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

Comprensión e interpretación de textos latinos.

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais.

A práctica da tradución de textos latinos ha de contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

Estudo do léxico latino e a súa pervivencia en galego, castelán e outras linguas modernas.

A adquisición dun vocabulario latino, baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras. Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa asimilación.

A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór o alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura romanas que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua latina, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, etc.

A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización romana. No segundo curso avanza na lectura comprensiva e tradución de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado romano. A programación deste curso segue estritamente as pautas dadas establecidas pola CIUGA.

2.- OBXECTIVOS

2.1- OBXECTIVOS DE ETAPA

1. Iniciar na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.

4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo. Faga click e escriba

2.2- OBXECTIVOS

Coinciden cos de etapa.

3.- CONTIDOS

Interpretación crítica de textos. A tradución como técnica. A exactitude na expresión lingüística.

-Valoración do estilo dun texto en función das peculiaridades do autor e das peculiaridades do texto e do contexto.

-A literatura latina e os xéneros literarios. Influencia da literatura latina na literatura posterior.

-As raíces romanas de Galicia.

A lingua latina.

-Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares.

-Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.

-Afondamento no estudo da sintaxe casual.

-A oración composta. A subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; uso das partículas subordinantes máis frecuentes. Construcións de participio e de infinitivo.

Os textos latinos e a súa interpretación.

-Afondamento na lectura comprensiva e tradución de textos latinos achegándose ao seu contexto social, cultural e histórico.

-Lectura e comentario de obras e fragmentos latinos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais.

O léxico latino e a súa evolución.

-Aprendizaxe de vocabulario.

-Formación de palabras latinas. Composición e derivación. Compoñentes etimolóxicos no léxico das linguas romances.

-Vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que se estudan no bacharelato.

-Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta.

-Uso correcto do dicionario.

Roma e o seu legado.

-Transmisión da literatura clásica.

-Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores artísticas e literarias con especial referencia á cultura galega.

-A romanización da Gallaecia. Vestixios en xacementos arqueolóxicos e museos.

3.1- CONTIDOS, SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN

1º Trimestre: repaso da gramática latina e traducción de frases de diversos autores latinos.

2º Trimestre: Tradución de textos de Eutropio e Fedro.

Temas de literatura: Historiografía: Livio.

Oratoria: Cicerón.

Épica: Virxilio.

Lecturas correspondentes a historia, oratoria e épica.

Locucións latinas.

3º Trimestre: Tradución de textos de Eutropio e Fedro.

Temas de literatura: Lírica: Horacio

Teatro: Plauto e Terencio.

Lecturas correspondentes á lírica e teatro

Toponimia.

3.2- CONTIDOS MÍNIMOS

- Traducir correctamente un texto sencillo de Eutropio e de Fedro.

- Dominar os temas de literatura propostos pola CIUGA.

- Lectura dos textos propostos pola CIUGA.

- Saber a lista de locucións latinas propostas pola CIUGA.

- Saber a lista dos topónimos propostos pola CIUGA.

4.- AVALIACIÓN

4.1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COS OBXECTIVOS

1. Ser capaz de comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios.

Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurárase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.

2. Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán.

Este criterio trata de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

3. Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.

Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais.

Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en

galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

5. Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. O alumnado, guiado polo profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais en todo o proceso e como soporte para a exposición das súas conclusións. Neste sentido, recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

6. Ler obras da literatura latina traducidas.

Con este criterio preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ao nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ao redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

4.2- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (ordinaria e extraod.)

Observación: Atención ao proceso de aprendizaxe dos alumnos, dirixida a seleccionar información de acordo con indicadores previamente fixados.

Interrogación: Preguntar directamente aquilo que se desexa saber mediante entrevista o cuestionario.

Análise de tarefas: e unha fonte de información proveitosa e útil que conleva unha enorme motivación.

Probas: nas súas diversas modalidades –escritas, orais, individuais, colectivas–.

Os exames escritos serán valorados cos criterios de corrección das P.A.U.

Instrumentos

De observación:

- Escalas de avaliación (graduación).
- Rexistros individuais (traballo diario, participación, etc.).
- Rexistros do grupo (traballos en grupo, intervencións, etc.).

De interrogación:

- Cuestionarios (autoavaliación).
- Entrevista.

Probas (obxectivas, de resposta libre): orais, escritas, individuais e colectivas.

As proba escritas puntuaranse de acordo cos criterios de puntuación da CIUGA.

4.3- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

- Haberá un mínimo dun exame escrito por avaliación, sendo o habitual dous e un exame de recuperación.
- Na primeira avaliación avaliaranse os coñecementos de gramática e tradución. A valoración repartirase nun 50%
- Na segunda e na terceira avaliacións as probas escritas puntuaranse de acordo cos criterios da CIUGA:
Tradución: ata 6 puntos
Gramática: ata 1 punto
Literatura: ata 1,5 puntos
Cuestións sobre locucións latinas e toponimia e formación de palabras por composición e derivación: ata 1,5 puntos

4.4– MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Dominar todos e cada un dos puntos expostos no apartado 3.2: contidos mínimos.

4.5- PROGRAMA REFORZO PARA RECUP. DE PENDENTES DE C. ANTERIORES

- Especial atención no repaso da gramática latina.
- O profesor dará exercicios semanalmente ao alumno para que os faga na súa casa. Posteriormente este deberá entregalos e o profesor devolverallos debidamente corrixidos.
- Fará unha proba trimestral. No caso de non obter en cada unha delas unha cualificación mínima de 5 puntos, terá que someterse a unha final na que entrará toda a materia correspondente aos contidos mínimos do curso. Do mesmo xeito a nota mínima para aprobar será de 5 puntos.

No caso de haber alumnos repetidores, deseñárase, se fose preciso, un plan específico para estes coa finalidade de facilitarlles a superación do obxectivo do curso.

5.- METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS

Orientacións metodolóxicas.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

-Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

-Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo intuitivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

-O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.

-Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

-Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

-Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.

-Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.

-Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

Materiais curriculares:

- Libro de texto: Latín 2 (editorial E.D.B.)

- Dicionario de latín.
- Material restante elaborado e entregado polo profesor.

6.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Repaso das nocións vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que elo sexa posible, mediante as semellanzas coa lingua propia do alumno ou súa pervivencia nela.
- Realización de exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos trabllados na unidade.
- preparación de breves exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos léxicos. Para os temas culturais, pediránselle lecturas breves coa confección de esquemas alusivos, sempre coa ayuda do profesor.
- Variedade e abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade que permitan a adaptación, ás diversas capacidades, intereses e motivacións dos alumnos.

7.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Visitas a restos romanos.
- Viaxe a Lugo para ver a muralla e as distintas pegadas de Roma na cidade.
- Visita, de ser posible, ás Medulas e ao campamento romano *Aquis querquennis*
- Asistencia a algunha obra de teatro latino.
- Visualización de algunha película seleccionada durante o curso.

8.- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

- A programación será avaliada na memoria final do curso.
- Teranse en conta os resultados académicos e o grao de satisfacción dos propios alumnos

9.- CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O alumnado terá a súa disposición en todo momento a programación do curso na secretaria e no disco duro do ordenador da propia aula. Terá dereito a ver os exames corrixidos dentro do prazo establecido polo PCC do Centro.

Asinado: Manuel Rodríguez Santos